PUNTO VIOLETA DO CONCELLO DE OLEIROS

Ponte...

A PROBA!

Pensa nos teus encontros sexuais, colle un boli e responde...

		SI	NON
1.	Falas coa outra persoa antes de comezar a práctica sexual?	☐	☐
2.	Centras o encontro sexual arredor do que a ti che gusta?	☐	☐
3.	Interésaste por saber o que quere ou lle gusta á outra persoa?	☐	☐
4.	Consensúas pautas ou límites para o encontro sexual?	☐	☐
5.	Adoitas respectar todos os límites marcados ou o que a outra persoa che di que non lle gusta?	☐	☐
6.	Insísteslle á outra persoa para romper con algún límite ou facer algo que che dixo que non quería facer?	☐	☐
7.	Recibiches un non e persuadiches ou intentaches facer cambiar de opinión á outra persoa?	☐	☐
8.	Pensaches que un non puido significar que se estivese a facer de 'rogar' ou 'respectar' e seguiches adiante?	☐	☐
9.	Empregaches a chantaxe emocional ou insistícheslle á outra persoa para realizar algunha práctica?	☐	☐
10.	Alguén trasladouche que non lle gustaba ou non quería realizar algunha práctica e decidiches facela igual porque che gustaba a ti?	☐	☐
11.	Aproveitastes nalgún momento de que a outra persoa estivera baixo os efectos do alcol ou outras drogas para ter relacións sexuais con outra persoa?	☐	☐

O resultado, na seguinte páxina...

Se respondiches **SI** a todo (ou case)... **es moi CRACK!** Segue así!

Se respondiches **NON** a algunha das preguntas da 5 á 11... que saibas que **NON HOUBO CONSENTIMENTO**. E cando non hai consentimento, é **AGRESIÓN**. **Pero agarda!** Non te poñas á defensiva e sigue lendo...

A ver... todas e todos, incluso quen isto escribe, tivemos algunha experiencia na que un "fallo de comunicación" propiciou que un encontro sexual non fora positivo, incluso malo, confuso ou indesexable. Vale.

Asumámolo, pero cambiémolo.

Porque **aprender a relacionarnos sexualmente tamén pasa por ser capaz de comunicarnos**, e por entender que "non quero", "non me apetece", "así non", "mellor outro día"..., significan

N-O-N.

E que o **consentimento é a base sobre a que construír relacións sexuais sas e igualitarias**, nas que os nosos dereitos sexuais estean garantidos.

Ademais, podes atopar información -e formación- a través de canles oficiais como o Ministerio de Igualdade, o Instituto das Mulleres, os Centros de Información ás Mulleres, entre outros organismos oficiais. Mais tamén podes atopar contidos a través de plataformas dixitais, redes sociais, filmes, series, podcast etc., a partir dos cales reflexionar.

De nada!

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE IGUALDAD

Pacto de Estado
contra la violencia de género

Concello de Oleiros